

<p align="center">

<p align="center">

Os piquetes bloquearon a saída de vehículos das principais cocheiras e estacións de autobuses dende primeira hora da mañá; e impediron o cumprimento dos servizos municipais

<h2 align="center">

O sector espera unha reacciön inmediata da Xunta para parar a folga do transporte

<p style="margin-left: 35.7pt;">

[illegible]

<p>

<p>

Santiago (20-06-17).As federacións de transporte de viaxeiros en autobuses en Galicia Anetra, Fegab e Transgacar esperan unha reacción inmediata da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para frear a folga que desde esta mañá mantén completamente paralizado o sector en Galicia. Os representantes empresariais, que onte mesmo insistiron ante a Xunta na súa disposición a retomar o diálogo conxunto coa conselleira e os sindicatos, e coa paralización e reformulación do novo Plan de Transporte Público como horizonte ineludible, viron hoxe con preocupación como o seguimento do paro situouse por riba do 90%, coas provincias de Lugo e Ourense como principais escenarios.

<p>

Fegabús e Anetra calcularon entre o 90 e o 100% o impacto da folga nas súas compañías, mentres que Transgacar estimouno nun 90% en Lugo e Ourense, e por riba do 70% en Pontevedra e A Coruña, incidindo en que a actuaci&ouacute;n dos piquetes dende primeira hora impediu a actividade nas principais cocheiras e estaci&ouacute;ns de autobuses, co bloqueo incluso do cumprimento dos servizos mínimos. As empresas están a sufrir perdas econ&ouacute;micas moi importantes, e lamentan e condenan ademais enerxicamente o prexuízo que se está a causar a miles de usuarios dun servizo público básico como o transporte.</p>

<p>

Tras o fiasco de onte derivado da decisi n unilateral da Conseller a de cambiar o horario e o formato da negociaci n, citando a empresas e sindicatos por separado, as federaci ns conf an en volver canto antes ao punto en que quedou o conflito o pasado venres, cando todas as partes se comprometeron a traballar para buscar unha soluci n administrativa factible que reconduza a situaci n provocada polo novo Plan de Transporte P blico.